



BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024. PROGRAMA APROL RURAL 2024 (FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL)

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais para os seguintes postos:

- 1 Peón Forestal.
- 1 Tractorista.

Esta contratación encádrase no Programa Aproz Rural para a execución de obras e servizos mínimos municipais. Estas medidas están dirixidas a fomentar a creación de emprego de calidade e tamén para incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo no marco da Estratexia Europea para o Emprego, do Programa Nacional de reformas, do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional e o diálogo social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

A finalidade deste programa é a realización de determinadas obras e servizos, todas elas en materia de obras municipais. As actuacións a desenvolver polo dito programa serán:

1. Recuperación ambiental de espazos degradados para uso público e que a día de hoxe se empregan como vertedoiros incontrolados.
2. Limpeza de espazos públicos.
3. Recollida de lixo sobre todo nas beiras dos ríos, así como a limpeza desta contorna.
4. Amaño de zonas onde persisten matogueiras.
5. Traballos rutineiros para a conservación e o coidado da vexetación.
6. Amaño de camiños forestais para mellorar os accesos e optimizar a prevención de incendios forestais.
7. Plantación de árbores e plantas en determinados parques públicos, e zonas ambientais para mellorar a calidade do aire, para axudar a limpar os ríos así como para rexenerar os nutrientes do solo.
8. Mellorar a paisaxe natural e ambiental.
9. Reciclaxe de vertidos que se vaian a tratar.
10. Colaboración coa brigada de obras e de xardinería para axudar en determinadas obras ou traballos que teñan que ver coa mellora ambiental e forestal do Concello.

2.- PERÍODO – RETRIBUCIÓNS E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

Isto farase mediante contratos laborais temporais vinculados ao Programa de axudas para o fomento do emprego no medio rural por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar tarefas relacionadas, maioritariamente coa prevención de incendios, defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a revalorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, etc.. Os contratos realizaranse a tempo completo por unha xornada equivalente ao 100% (coeficiente 1.0) cunha xornada de 40 horas semanais e terán unha duración de 12 meses como máximo. Tipo de contrato: **Contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405).**

O prazo límite de inicio do dito contrato será o 20 de maio de 2024.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

En ningún caso poderán os/as mesmos/as traballadores/as estar contratados, mediante dous ou máis contratos temporais, para o mesmo ou diferente posto de traballo, durante un prazo superior a 24 meses, nun período de 30 meses, polo que, cando se preveña que, coa nova contratación, se van superar estes límites, pasarase ao seguinte candidato da lista, e así mentres resulte a afectación por estas limitacións.

As vacacións e horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, adaptaranse ás necesidades do servizo.

As retribucións a percibir desglósanse do xeito seguinte:

Peón forestal:

1323 salario bruto.

507,76 seguridade social empresa.

Tractorista:

1400 salario bruto.

537,32 seguridade social.

A convocatoria referirase ás seguintes prazas: - **1 Peón Forestal e 1 Tractorista.**

3.- PUBLICIDADE

O Concello de Val do Dubra acudirá ao Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a formulación das pertinentes ofertas xenéricas de emprego. Procederáse á valoración das persoas preseleccionadas polo devandito servizo, tal e como se sinala nas presentes bases no seu artigo 14. *Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras.*

A publicidade da convocatoria farase mediante anuncio na web municipal www.valdodubra.gal e no taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica do Concello de Val do Dubra. Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios físico e da sede electrónica do Concello de Val do Dubra.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

A.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario, en igualdade de condicións cós españois aos empregos públicos, con excepción daqueles que, directa ou indirectamente, impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes. Estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións cós españois.

B.- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas. Informe médico actualizado. Obrigatorio presentalo antes da realización da proba escrita (fase oposición) ou no mesmo día da proba.

C. Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, de ser o caso a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

D.- Non ter sido separado/ a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

E.- Estar inscrito/a como persoa desempregada non ocupada no Servizo Público de Emprego de Galicia.

F.- Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria agora denominada Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, **NON PODERÁN SER CONTRATADOS** con cargo ás axudas previstas nesta orde.

G.- Estar en posesión do permiso B, para aqueles candidatos que se presenten ao posto de tractorista e estar en posesión do certificado de escolaridade ou superior para os postos de peón forestal e tractorista.

H.- Cumprir como demandante de emprego nalgunha das situacións recollidas no artigo 14 das bases publicadas no DOG N° 17, do mércores 24 de xaneiro de 2024 mediante a Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural 2024) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024. Terán preferencia, en todo caso, tal e como sinala o punto 5 do artigo 14 da devandita orde, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

I.- Estar en posesión do CELGA 1, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade coa normativa de aplicación, segundo o Sistema de Certificación da Lingua Galega (CELGA) vixente, ou certificacións equivalentes homologadas polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia. En todo caso, as persoas aspirantes que non acheguen o CELGA 1, ou equivalente, ou non acrediten estar en condición de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento da lingua galega que cualificará á persoa aspirante como apto/a ou non apto/a, de acordo co previsto na base sexta.

Asemade, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Todos os requisitos anteriores deberán terse en conta no proceso selectivo. E serán verificados antes da contratación por parte do tribunal de selección encargado.

5.- INSCRICIÓN

Para formar parte na preselección as persoas interesadas deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego non ocupados, e anotarse antes do cruzamento da oferta no mesmo organismo, nas ocupacións solicitadas; “Tractorista” e “Peón Forestal”. Unha vez remitidas as persoas candidatas polo Servizo Público de Emprego, este organismo (ou por delegación o concello) comunicarlle aos candidatos/as preseleccionados o día e a hora de presentación no concello para a realización da proba escrita e para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos no punto 4 das presentes bases e aquela outra documentación susceptible de valoración, que poderán entregala por rexistro de entrada o día da proba escrita.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O proceso de selección será o de concurso- oposición e contará coas seguintes fases:

1.- Criterios sociais de integración laboral: Establecidos no punto 5 do artigo 14 da Orde do 26 de decembro de 2023.

Valorarase 0,20 puntos por atoparse nalgunha ou nalgunhas das situacións que logo se relacionan, ata **un máximo de un (1) punto**.

- a) Mulleres, e en especial as que acrediten ser vítimas de violencia de xénero. Acreditación con DNI.
- b) Persoas con discapacidade. Acreditación da discapacidade de acordo coa Disposición final segunda, apartado 1, da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego (BOE núm. 51 do 01/03/2023). Certificado de discapacidade ou equivalente.
- c) Persoas desempregadas de longa duración. (Informe períodos de inscrición).
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional. Acreditación con DNI. Informe oficina de emprego.
- e) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Informe dos Servizos Sociais.
- f) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Informe de Servizos Sociais.
- g) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. Acreditación con DNI.
- h) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Informe servizos sociais.
- i) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España. Informe servizos sociais.

Así mesmo terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollamento.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

2.- **Formación:** Puntuarase cun máximo de 7 puntos.

Puntuarase **cun máximo de 7 puntos, de acordo coa seguinte distribución:**

1) **Formación : Máximo 7 puntos.** Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados).

- Cursos de duración de 20 horas: 0,25 puntos
- Cursos de duración de máis de 20 horas e ata 50 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de duración de máis de 50 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de duración de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

O resultado final do proceso de selección, será a suma dos criterios de valoración sociais, formación (concurso) e proba escrita (oposición). En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na proba escrita. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que máis tempo leven inscritos como demandantes de emprego. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

3.- **Proba escrita.** Consistirá na realización dun exercicio que será cualificado de 0 a 12 puntos sendo necesario obter unha cualificación **mínima de 6 puntos** cada un para superala sendo obrigatorio e eliminatorio. Máximo 12 puntos.

De carácter eliminatorio.

Esta proba consistirá en responder un cuestionario tipo test de vinte e catro preguntas, con tres respostas alternativas.

O temario especificase en cada posto.

A documentación que deberá presentarse especificase nos seguintes puntos para cada posto ofertado:

PARA O POSTO DE TRACTORISTA:

O proceso selectivo desenvolverase como procede:

–PROBA ESCRITA: (Máx. 12 puntos)

Consistirá na realización dunha proba teórica escrita coa seguinte temática acordes coa praza.

Esta fase consistirá na realización dunha proba tipo test de 24 preguntas con resposta única e cunha puntuación máxima total acadable será de 12 puntos.

O temario desta proba serán aspectos básicos do posto de tractorista, tendo en conta o servizo que se prestará con esta contratación, serían as relativas a:

O Concello de Val do Dubra, o seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...), os seus servizos, infraestruturas, equipamentos, edificios e instalacións, maquinaria, vehículos, ferramentas e demais medios dos que dispón, coñecemento do mantemento e manexo da maquinaria de uso manual de obras municipais (ferramentas, cortacésped, máquina de rozar, tractor, coche con remolque...). Normas de seguridade e saúde laboral (Prevenção de riscos). Limpeza pública. Tipos de traballos a realizar polos



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

operarios forestais. Organización do servizo de xardinería e servizo de brigadas forestais. Nocións xerais sobre a retirada de residuos. Coñecementos de limpeza e adecentamentos forestais, organización do traballo e nocións básicas de limpeza e rozadura municipal.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos do proceso quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou permiso de conducir.

PARA O POSTO DE PEÓN FORESTAL.

O proceso selectivo desenvolverase como procede:

PROBA ESCRITA: (Máx. 12 puntos)

Consistirá na realización dunha proba teórica escrita cunha temática acorde coa praza.

Esta fase consistirá na realización dun exame tipo test de 24 preguntas, con resposta única e cunha puntuación máxima total acadable de 12 puntos.

O temario desta proba será sobre aspectos básicos do posto de peón forestal tendo en conta o servizo que se prestará con esta contratación, serán as relativas a:

O Concello de Val do Dubra, o seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...), os seus servizos, infraestruturas, equipamentos, edificios e instalacións, ferramentas e demais medios dos que dispón, coñecemento do mantemento e manexo da maquinaria de uso manual de obras municipais. Normas de seguridade e saúde laboral (Prevención de riscos). Limpeza pública. Tipos de traballos a realizar polos operarios forestais. Organización do servizo de xardinería e servizo de brigadas forestais. Nocións xerais sobre a retirada de residuos. Coñecementos de limpeza e adecentamentos forestais, organización do traballo e nocións básicas de limpeza e rozadura municipal.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluído da oposición quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou permiso de conducir.

TRIBUNAL

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

Os membros do tribunal terán que absterse de intervir cando concorran nalgunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou no suposto previsto no artigo 13.2 do Real decreto 364/95, do 10 de marzo, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concurran as circunstancias previstas na presente base. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Casa do Concello de Val do Dubra.

O tribunal disporá que, nesta sede, ao menos unha persoa, membro ou non do tribunal, atenda cantas cuestións xurdan en relación con estas probas selectivas. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

Os integrantes do tribunal terán dereito ao aboamento de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal quedará facultado para resolver todo tipo de dúbidas que se poidan xurdir durante o desenvolvemento das probas.

O tribunal cualificador designado pola Alcaldía- Presidencia (en virtude do artigo 21.1 g) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local), e en base ao establecidos polo RDLex. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Val do Dubra.
- Secretario/a: un/ha funcionario/a de carreira do Concello de Val do Dubra.
- Vogais: tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo da administración local, autonómica ou estatal.

8.- Puntuación Final

A puntuación total máxima do proceso será de 20 puntos, no caso de que dúas ou máis persoas candidatas acaden a mesma puntuación total ou final, procederase a DESEMPATAR na seguinte orde:

- 1º. Obtivesen maior puntuación na fase de oposición (proba escrita).
- 2º. Maior antigüidade en situación de desemprego

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan as maiores puntuacións na suma da fase de concurso e oposición. Rematada a selección, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación dos candidatos preseleccionados que obteñen a máxima puntuación no proceso, establecendo un período de 2 días naturais para efectuar calquera posible reclamación.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan as maiores puntuacións. Rematada a selección, o Tribunal formará a redacción de seleccionados pola orde de puntuación final obtida, non podendo exceder estes o número de postos convocados, e faraa pública no Taboleiro de anuncios do Concello.

A formalización do contrato terá lugar en canto o interesado presente a documentación pertinente:

- Fotocopia DNI e tarxeta sanitaria.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Xustificante da conta bancaria.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificada mediante Informe Médico que previamente deberá ter achegado o aspirante para poder participar no proceso selectivo.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Mentres non se formalice o contrato, os aspirante propostos non terán dereito a percepción de ningunha cantidade económica. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ao artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período, se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No caso de que algunha praza quedara vacante por baixa voluntaria ou por non superar o período de proba, pasará a formalizar contrato o seguinte candidato da lista con máis puntuación.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

10.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra, con sede na Rúa Arcai, onde poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos/as, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos/as, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Asemade os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de lei.

Val do Dubra, 25 de abril de 2024.

O alcalde

Diego Luis Díaz Méndez

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL – APROL RURAL.

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE

NOME E APELIDOS : _____

DNI: _____

TELÉFONO DE CONTACTO /TELÉFONO MÓBIL: _____

ENDEREZO: _____

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal a tempo completo para o posto de:

PEÓN FORESTAL
TRACTORISTA

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Val do Dubra.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (fotocopias), e a documentación establecida como requisito. Marcar cunha (X) o que se presenta:

- DNI.
- Permiso de conducir B.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia da formación achegada polo aspirante.
- Xustificación de estar en situación de desemprego.
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria (anexo II).
- Declaración xurada da súa capacidade funcional para desempeñar o posto de traballo ou informe do médico de cabeceira (anexo III).

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria. En Val do dubra, de maio de 2024.
(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos na medida que en que a lei o permita. Comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

Val do Dubra, naturalmente



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA.

Eu, D. _____ con DNI;

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Que reúno algún dos requisitos desta convocatoria e que son os sinalados na base 4 das bases que rexen a presente convocatoria.

Val do Dubra, naturalmente

Val do Dubra, de maio de 2024.

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos na medida que en que a lei o permita. Comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

ANEXO III.DECLARACIÓN XURADA

Eu, D. _____ con DNI;

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría á que se opte.
- No caso, de NON entregar o Informe do médico de cabeceira acreditando a miña capacidade para o desenvolvemento das funcións no momento da presentación da documentación, COMPROMÉTOME a entregalo por rexistro de entrada do Concello de Val do Dubra, antes ou no momento de celebración da proba escrita (fase oposición).

Val do Dubra, de maio de 2024.

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

De acordo co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro de titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos na medida que en que a lei o permita. Comunicándollo por escrito ao Concello, achegando copia de documento que acredite a súa identidade.

Val do Dubra, naturalmente